



CONCELLO DE REDONDELA

Resolución da Concellería de Medio Ambiente

Expte nº: 2230/2018

Procedemento: Procedemento de Contratación

Asunto: Saneamento e pavimentación no lugar do Campiño, Porto Cabeiro (Zona Norte), Cabeiro, Redondela (Remanente Tesourería para gastos xerais)

Responsable: Contratación.mgm

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Visto o proxecto técnico redactado e asinado electronicamente con data 13.04.2018 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González, colexiado núm. 26494, e presentado no Rexistro Xeral do Concello o mesmo día co núm. 4474 por Pablo González Figueroa en representación de Ingatec Proyectos y Estudios, SL (CIF núm. B36565794), cun orzamento que ascende a 272.651,09 euros máis IVE do 21%, o que fai un total de 329.907,82 euros.

Solicitadas, con data 02.10.2019, ao Ministerio de Fomento e a Augas de Galicia as autorizacións necesarias para a execución das obras.

Visto o Anexo I ao proxecto técnico asinado electronicamente con data 11.11.2019 polo redactor deste, o enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González, que contén documentación adicional requirida por Augas de Galicia para a tramitación da autorización e o Anexo II asinado electronicamente o 20.11.2019 polo mesmo técnico no que se recolle a CPV correspondente ao obxecto do contrato e a clasificación esixible ao contratista para os efectos de acreditar a solvencia económica, técnica e profesional.

Lida a resolución da Concellería de Medio Ambiente núm. 20/2019 do 27.12.2019 pola que se aprobou o proxecto técnico e ao Anexo I e ao Anexo II ao mesmo, previos informes emitidos, con data 26.09.2019 e 27.12.2019, polo arquitecto municipal José Romero-Amich Nieto (CV4SLHL7352GTC52DLTY7A9LRAJ e 4YKLSR2RFNTR9QF4NJ7PLAKTJ, respectivamente).

Visto o informe (CV QMTP2QP45A23H93YTMKZEPEGC) emitido, o mesmo día 27.12.2019 pero con posterioridade á referida resolución, polo arquitecto municipal no que en relación coa necesidade de solicitar autorización ao Ministerio de Fomento volta o criterio mantido no seu primeiro informe de data 26.09.2019 ao sinalar que se reitera o punto 3.1.4 do mesmo que di "(...) de acordo co sinalado no Plan Básico Autonómico (DOG 27.08.18) son precisas autorizacións sectoriais do Ministerio de Fomento ao afectar-la obra á franxa de afección da estrada EN-555 e de Augas de Galicia ao afectar-la obra á franxa de afección do rego de Cabeiro (...)".

Lida a resolución da Concellería de Medio Ambiente núm. 22/2019 pola que se deixa sen efecto a resolución do mesmo órgano 20/2019 do 27.12.2019 e se aproba proxecto técnico e ao Anexo I e ao Anexo II ao mesmo.

Vista a acta replanteo previo asinada electronicamente o 27.12.2019, con posterioridade á aprobación do proxecto técnico, polo redactor deste, o enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 57NJAX6HRYSSDNR3XFMQ7SGDC | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente de data 30.12.2019 que transcrita di:

“Tendo en conta que na zona norte do lugar do Campiño, no barrio de Porto Cabeiro, lindando ao leste co campo de fútbol de Cabeiro, se realizaron con anterioridade obras de saneamento que cumpre completar, dotando de saneamento aos camiños que quedaron sen servizo, este Concello ten a necesidade de instalar un rede formada por dos colectores principais que funcionarán por gravidade que suman 454,19 metros de lonxitude con tubaxe de PVC clase SN4 de 315 mm. de diámetro e que entroncan na rede existente que discorre polo camiño Campiño e dan saída a parte da rede existente que discorre polo camiño do Pio (mediante modificación dun tramo), xa que esta non funciona de forma correcta, ao que se sumarán outros colectores secundarios con tubaxe de 250 mm. diámetro coas mesma características cunha lonxitude de 537,48 metros, sumando un total de 991,67 metros, así como unha estación de bombeo e unha tubaxe de impulsión que conducirá as augas residuais partindo dun pozo existente e se conectará a un colector por gravidade da rede existente para resolver o problema da existencia dun punto baixo nun dos colectores proxectados, realizar o recrecido en toda a capa de rodadura que presenta síntomas de esgotamento, de xeito que unha vez realizada a reposición do firme orixinal na anchura da gabia, se levará a cabo o recrecido da capa de rodadura en toda a anchura da vía, levar a cabo actuacións destinadas a mellorar a rede de pluviais e executar acometidas e pozos de rexistro para conseguir deste xeito unha optimización na prestación deste servizo básico de obrigada competencia municipal, para o que encargou a redacción do pertinente proxecto técnico para a execución da obra de saneamento e pavimentación no lugar do Campiño, Porto Cabeiro (Zona Norte), Cabeiro, Redondela.

O proxecto técnico da obra redactado e asinado electricamente con data 13.04.2018 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González, colexiado núm. 26494, e presentado no Rexistro Xeral do Concello o mesmo día co núm. 4474 por Pablo González Figueroa en representación de Ingatec Proyectos y Estudios, SL (CIF núm. B36565794), que ten un orzamento que ascende 272.651,09 euros, máis o IVE do 21%, o que fai un total de 329.907,82 euros.

Solicitadas, con data 02.10.2019, ao Ministerio de Fomento e a Augas de Galicia as autorizacións necesarias para a execución das obras.

Visto o Anexo I ao proxecto técnico asinado electronicamente con data 11.11.2019 polo redactor deste, o enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González, que contén documentación adicional requirida por Augas de Galicia para a tramitación da autorización e o Anexo II asinado electronicamente o 20.11.2019 polo mesmo técnico no que se recolle a CPV correspondente ao obxecto do contrato e a clasificación esixible ao contratista para os efectos de acreditar a solvencia económica, técnica e profesional.

Lida a resolución da Concellería de Medio Ambiente núm. 20/2019 do 27.12.2019 pola que se aprobou o proxecto técnico e ao Anexo I e ao Anexo II ao mesmo, previos informes emitidos, con data 26.09.2019 e 27.12.2019, polo arquitecto municipal José Romero-Amich Nieto (CV4SLHL7352GTC52DLTY7A9LRAJ e 4YKLSR2RFNTR9QF4NJ7PLAKTJ, respectivamente).

Visto o informe (CV QMTP2QP45A23H93YTMKZEPEGC) emitido, o mesmo día 27.12.2019 pero con posterioridade á referida resolución, polo arquitecto municipal no que en relación coa necesidade de solicitar autorización ao Ministerio de Fomento volta o criterio mantido no seu primeiro informe de data 26.09.2019 ao sinalar que se reitera o punto 3.1.4 do mesmo que di “(...) de acordo co sinalado no Plan Básico Autonómico (DOG 27.08.18) son precisas





CONCELLO DE REDONDELA

autorizacións sectoriais do Ministerio de Fomento ao afectar-la obra á franxa de afección da estrada EN-555 e de Augas de Galicia ao afectar-la obra á franxa de afección do rego de Cabeiro (...)”.

Lida a resolución da Concellería de Medio Ambiente núm. 22/2019 pola que se deixa sen efecto a resolución do mesmo órgano 20/2019 do 27.12.2019 e se aproba proxecto técnico e ao Anexo I e ao Anexo II ao mesmo.

Vista a acta replanteo previo asinada electronicamente o 27.12.2019, con posterioridade á aprobación do proxecto técnico, polo redactor deste, o enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González.

Considerando que este investimento se financiará con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais (investimentos financeiramente sostibles), con data do 18.12.2019 asinouse pola Alcaldía, en base o informe emitido polo arquitecto técnico municipal o día 17.12.2019, a Memoria económica para investimentos financeiramente sostibles.

Ao carecer ao Concello de medios persoais e materiais adecuados e suficientes ten a necesidade de contratar externamente a execución desta obra, esta Concellería, á vista da prescricións da lexislación contractual, **PROPÓN**

Primeiro.- Acudir á tramitación dun expediente de contratación da obra de **Saneamento e pavimentación no lugar do Campiño, Porto Cabeiro (Zona Norte), Cabeiro, Redondela**, financiada con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais, mediante **procedemento aberto simplificado** por razón da súa contía, segundo o proxecto técnico redactado e asinado electronicamente con data 13.04.2018 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González, por un importe máximo de 272.651,09 euros, máis o IVE por importe de 57.256,73 euros, o que fai un total de **329.907,82 euros**.

Segundo.- Solicitar acreditación documental de Intervención relativa á existencia de crédito para o referido contrato.

Terceiro.- Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares polo servizo correspondente.”

Lida a Memoria xustificativa-Informe de necesidade asinada polo concelleiro de Medio Ambiente con data 30.12.2019.

Visto o certificado da Intervención municipal de data 30.12.2019 acreditativo da existencia de crédito axeitado e suficiente por importe de 329.907,82 euros na aplicación 1601A/6190039 do estado de gastos do orzamento do Concello vixente.

Considerando que este investimento se financiará con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais (investimentos financeiramente sostibles), con data do 18.12.2019 se asinou pola Alcaldía, en base ao recollido no informe emitido o día 17.12.2019 polo arquitecto técnico municipal, a Memoria económica para investimentos financeiramente sostibles.

Esta Concellería, ao abeiro das competencias que lle confire a lexislación vixente e segundo a delegación realizada por resolución da Alcaldía núm.1939/2019 de data 9 de xullo de 2019 (BOP PO núm. 138 do 19.07.2019),

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 57NJAX6HRYSSDNR3XFMQ7SGDC | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

RESOLVE

Primeiro.- Iniciar o expediente para contratar a obra de **Saneamento e pavimentación no lugar do Campiño, Porto Cabeiro (Zona Norte), Cabeiro, Redondela, financiada con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais**, mediante **procedemento aberto simplificado** previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, procedemento que se xustifica pola contía das obras cuxo orzamento ascende a **272.651,09 euros máis o IVE do 21%** por importe de **57.256,73 euros**, o que fai un **total de 329.907,82 euros**, e en función de que a adxudicación recaia no licitador que faga a mellor oferta, tendo en conta os criterios que se establezan nos pregos de cláusulas administrativas particulares, e sen prexuízo do dereito da administración de declarar deserto o procedemento.

Segundo.- Incorporar ao expediente:

- Acta de replanteo da obra e as pertinentes autorizacións.
- Acordo aprobatorio do proxecto.
- Proposta do servizo que promove a contratación.
- Memoria xustificativa-Informe de necesidade
- Acreditación documental da Intervención da existencia de crédito.
- Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Informe de Secretaría.
- Informe da Intervención municipal.

Terceiro.- Designar como funcionaria encargada da tramitación do expediente a secretaria xeral do Concello, M^a Ángeles García Villaverde.

Documento datado e asinado electronicamente á marxe

